

# ACTA DA ASAMBLEA XERAL

28-11-2020, vía online

**Hora de convocatoria:** 11:30h

**Inicio da asemblea:** 11:40h

**Asistentes:**

Miguel Cuba (Presidente)

Bernal Prieto (Tesoureiro)

María Álvarez (Secretaria)

Teo Cid (Secretario Técnico)

Alberto Guitián

Alicia Suárez Otero

Augusto Martínez

Aynara Pereiro Costas

Bruno Elerre

Daniel Malvido

Dicvs Rodrigues

Diego Estebo

Flavia Lago

Henrique Torreiro

Idoia Luxán

Iria Prol Cid

Iria Ribadomar

Iván Mouronte

Jorge Peral

Julio Cerletti

Laura Tova

María Ruíz

Minia Regos

Sergio Covelo Moreira

Uxío Broullón

**Enlace ao video da asemblea**



# ACTA DA ASAMBLEA XERAL 2020

Teo Cid, secretario técnico da AGPI e moderador na asemblea, fai unha breve introdución explicando o funcionamento desta asemblea online.

[min. 00:02:00] María Álvarez, secretaria da AGPI, procede a ler a orde do día e a **lectura e aprobación da acta** da asemblea ordinaria de 2019 e a acta da asemblea extraordinaria de 2020.

- Aprobación da acta da asemblea ordinaria de 2019 con **23 votos a favor** [min. 00:13:25]
- Aprobación da acta da asemblea extraordinaria de 2020 con **24 votos a favor** [min. 00:22:25]

[min. 00:24:40] Bernal Prieto, tesoureiro da AGPI, procede a ler o **informe económico** desde a última asemblea.

- **○ balance económico:**
  - Ingresos: 27.138,10 euros
  - Gastos: 29.465,16 euros
  - Hai un balance negativo, pero é similar ao de anteriores anos.
- **Previsión** da tesourería:
  - A 24 novembro na conta hai 7.228,26 euros
  - Ingresos trimestrais por cotas dos socios: 3.500 - 4.000 euros
  - Outros ingresos previstos: 6.000 euros do convenio coa Xunta
- Aprobación do informe económico con **25 votos a favor** [min. 00:31:25]

[min 00:32:00] Bernal Prieto procede a falar dos proxectos realizados pola actual directiva, que se limitan ao Encontro Anual de Agpi:

- Debido a covid-19 este ano se fixo en formato online.
- Houbo **150 rexistros**, 114 asistentes na sesión da mañá e 75 no obradoiro da tarde.
- Realizouse a través dun **sistema webinar** polo pouco prazo para organizalo.
- Os **gastos** realizados foron:
  - Vídeo: Isabel Vila - 1.060 euros
  - Comunicación: Camilo Franco - 363 euros
  - Charlas: 3 charlas (265 euros) - 795 euros
  - Obradoiro: Isabel Méndez - 298 euros
  - Webinar: Trama Solutions - 1.576 euros
  - TOTAL: 4.472 euros
- Faise un repaso a **enquisa de valoración** do Encontro, na que participaron 18 socias.

# ACTA DA ASAMBLEA XERAL 2020

[min 00:44:15] Miguel Cuba, presidente da AGPI, comenta as **actividades programadas para o 2020-2021**.

- **Día da Ilustración.** No 2021 a homenaxeada será Lolita Díaz. Non se entra en detalles con respecto a organización porque, aínda que está bastante avanzada, hai aspectos que hai que valorar para ver se son viables.
- **Protocolo de actuacións para as xuntas directivas.** Proxecto coordinado por Julio Cerletti, que ten como obxectivo marcar as pautas de comportamento desta e futuras directivas co fin de evitar conflitos e facer unha asociación máis participativa.
- **Viñetas desde o Atlántico.** Queremos retomar a participación neste evento, pero dependerá da situación da pandemia para entón
- **Encontro 2021.** Plantéxase un formato híbrido entre presencial e online, pero tamén depende de cómo evolucione a pandemia.
- **Chamamento a socios:**
  - **Representante para FADIP,** encargado das convocatorias de financiación. Desde FADIP decidirse formar dous grupos de traballo: un de comunicación e outro de búsqueda de bolsas e axudas. Xa hai un representante para o grupo de comunicación e sería preciso outro neste grupo.
  - **Voluntarios para facer o cambio de sede da AGPI.** Sería preciso xente para inventariar e tamén para preparar o material para a mudanza. Tamén se pide aos socios que máis adiante aporten ideas para a donación de material do que queiramos desfacernos.
  - **Representantes para os diferentes sectores da ilustración.** Quérese reforzar outros sectores profesionais máis alá do editorial: muralismo, videoxogos, animación, etc. A idea sería formar grupos de traballos que permitisen desenvolver iniciativas máis centradas neses ámbitos profesionais.
  - **Desenvolvemento da nova imaxe e melloras na web.** Precísanse tamén colaboradores para analizar e ver que posibilidades de mellora da web poden facerse, tanto a nivel de funcionalidade como de imaxe.

[min 00:56:00] Julio Cerletti pasa a falar de como está plantexado o proxecto de **Protocolos para Xuntas Directivas**.

- **Contactouse con ex-presidentes da AGPI** para que poidan aportar a súa visión da asociación e sinalar problemáticas do seu funcionamento.
- Julio fai un **chamamento online para que membros das anteriores directivas** participen neste proceso.
- A idea e crear un **documento manexable e conciso** que se poida consultar en determinadas situacións por directivas futuras.

[min. 00:58:55] Teo Cid traslada o comentario de Uxío Broullón polo chat, de que **Manel Craneo enviou un mail** pouco antes do comezo da asemblea. Miguel Cuba comenta que viron o mail cando se estaba facendo a proba técnica e que teñen que lelo detidamente. María Álvarez comenta que non leu o mail completo, pero que se se trata de cuestións orzamentarias ou organizativas sobre o Día da Ilustración, teranas en conta para futuras edicións, pero agora mesmo o evento está moi avanzado e xa se falou coa Xunta, co que non procedería pedir cambios a estas alturas. Miguel corrobora a versión de María sobre o tema.

Teo Cid volve trasladar o que escribe Uxío Broullón polo chat, que fai un resumo do mail de Manel. Nel Manel expón que renegociou o prezo do cartel do Día da Ilustración, e que a Xunta lle trasladou que en ningún momento Agpi puxera obxeccións o prezo, así como a necesidade de mellora do orzamento para este evento. Miguel explica que nos tomamos o relevo da organización do Día da Ilustración, que xa estaba algo avanzado pola anterior directiva e que a Xunta instounos a deixar rematada a organización do evento antes de finais de decembro, polo que non tiñamos marxe para o análise nin a mellora. María apunta que o orzamento para a realización do cartel non entra dentro do orzamento que ten a AGPI para a organización do Día da Ilustración, que non recorda se nas primeiras edicións se chegou a falar da cantidade destinada ao cartel, pero que en todo caso é labor dos ilustradores escollidos negociar ese orzamento. Bernal volve suliñar a falta de tempo para poder organizar en mellores condicións tanto do Encontro como do Día da Ilustración, pero que se terán en conta esta reclamación e outros problemas que se foron detectando nestes meses. Miguel apunta a que o orzamento que manexa a AGPI non ten que ver con orzamento do cartel. Julio, que acaba de ler o mail de Manel, fai un apuntamento sobre o que pensa que quería comunicar Manel.

[min. 01:06:50] **Alberto Guitián ofrécese para traballar no grupo da mellora da web.** Apunta que parte do aforro no local pode ir destinado á web, pero que ademáis habería que buscar outras liñas de axudas máis aló do convenio coa Xunta (Deputación da Coruña, liñas de axudas europeas, etc.). Miguel da as grazas a Guitián polo seu ofrecemento. Comenta que si que se plantexou na directiva a búsqueda de financiación, pero máis a medio e longo prazo, xa que agora está centrado en sacar os eventos anuais fixos. Bernal apunta que para facer unha web a medida a inversión e moito máis elevada da que se fixo na web actual e que por agora non ve viable a creación dunha nova web desde cero, por falta de orzamento. A idea é ir mellorando pouco a pouco aspectos e funcionalidades concretas da web que poidamos asumir economicamente.

[min. 01:10:30] Miguel fai referencia a unha das preguntas do chat, de Iria Ribadomar, que fala da necesidade de ampliar a **cobertura legal** que temos con Isabel Méndez. Miguel comenta que a directiva xa estivo en conversacións con Isabel para a mellora deste servizo e que foi Bernal quen estivo falando con ela. Bernal comenta que Isabel e máis el plantexaron diferentes fórmulas, como un bono mensual ou unha sesión mensual de resolución de dúbidas, pero que aínda hai que estudar en profundidade diferenes opcións. Antes de poder facer esta mellora efectiva hai que efectuar o cambio de sede, que suporá un aforro considerable de cartos mensualmente. Teo explica que primeiro as dúbidas legais que chegan a secretaría derívanse a lista de correo e senon son resoltas neste lugar, trasládanselle a Isabel, que ten dous tipos de tarifas: unha por consulta menor e outra por revisión de contrato. Teo apunta que estas consultas ascenden a unha ao mes como máximo. Bernal apunta que a asesoría de Isabel non inclúe a suxerencia de prezos, que se limita a cuestións legais sobre contratos e dereitos de autor.

[min. 01:14:20] Iria Ribadomar comenta que é posible que non se sepa por parte dos socios que cobertura hai realmente. Miguel subliña que agora mesmo estase a negociar con Isabel e que cando esté pechado este asunto difundiríase correctamente entre os socios. Bernal apunta a que é posible que os socios non sepan ou non recorden que teñen certa cobertura legal e que, como apunta María Ruíz, sería preciso recordalo con certa frecuencia. María Álvarez expón as súas dúbidas con respecto ao pago dos honorarios de Isabel, que son cubertos pola asociación e non polos socios. María apunta que nun hipotético escenario onde houberse moitas máis consultas a AGPI non podería afrontar ese gasto, e que se ata agora non houbo tantas poida que fose por falta de promoción deste servizo. Bernal comenta que non pensa que vaia a haber unha subida significativa de consultas e

que por agora operouse así coa avogada porque supoñía un gasto mínimo para asociación. María apunta a que Henrique, o anterior secretario técnico, funcionaba como filtro de moitas dúbidas e cuestións contractuais, xa que posuía un amplo coñecemento sobre dereitos de autor e contratos e colaborou na creación do último Libro Blanco de la Ilustración e tamén co Observatorio da Ilustración. Teo por falta de experiencia non pode estar a altura dos coñecementos de Henrique, e María apunta que igual isto pode ser un punto crítico que faga que as consultas suban máis do previsto. Teo afirma o que di María, e sinala que a súa labor é máis burocrática que de consultoría.

[min. 01:24:20] Miguel Cuba apunta que **estas preguntas que están a facer os socios sirven para que a Xunta Directiva sepa que puntos ten que mellorar ou cambiar**. Sinala que aínda así, os membros da directiva temos dúbidas sobre algúns procedementos e hai moito que estudar e plantexarse antes de facer efectivos os cambios. Un das motivacións de desenvolver o proxecto sobre protocolos da directiva é para que as transicións entre xuntas directivas sexan o menos traumáticas posibles e que se poida consultar nalgún lugar cuestións concretas do funcionamento. Sergio Covelo apunta que sería interesante facer un F.A.Q. de dúbidas respecto aos dereitos de autor. María Ruíz apunta que podería plantexarse un co-pago ou tarifa plana polos servizos de Isabel. María Álvarez apunta que co cambio de sede haberá que convocar outra assemblea extraordinaria para validar os estatutos co novo enderezo da sede, e que se poderá volver a tratar este e outros temas urxentes, e para entón a xunta directiva terao máis estudado.

[min 01:29:05] Uxío fixo unha preguntou polo **traslado do local** e que se tiña pensado. María comenta que un dos grandes problemas é a cantidade de material, que aínda que se vai desbotar parte del, hai moito outro que debería gardarse. Estudouse tanto nesta directiva como na anterior a posibilidade de alugar un trasteiro e coller un apartado postal, pero finalmente pensouse que a búsqueda dun local de baixo custe (100-150 euros) sería o máis axeitado. Bernal apunta que o problema máis grave é a cantidade de material que hai e que hai que buscar unha solución para desfacerse de gran parte deste material. Miguel comenta que é importante que haxa voluntarios para a parte de inventariado, e sinala que a situación do covid non favorece o tema das doazóns. Miguel tamén aproveita para volver falar da importancia de que alguen se presente como voluntario para Fadip. Bernal tamén insiste co tema dos voluntarios para axudar a directiva. Henrique Torreiro ofrécese para axudar co enfoque da asesoría legal.

**Fin da asemblea:** 13:20h.